
OFERTA DE EMPREGO EN EAPN GALICIA

COORDINACIÓN TERRITORIAL DO PROXECTO DETECCIÓN E MOBILIZACIÓN DAS PERSOAS ELEXIBLES PARA O INGRESO MÍNIMO VITAL EN SITUACIÓN DE NON TAKE-UP

A **Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN)**, é unha coalición independente de ONG e outros grupos que traballan polo fin da pobreza, das desigualdades e pola inclusión social, en distintos Estados da Unión Europea.

O obxectivo fundamental de EAPN é lograr que as persoas que se atopan en situacións de maior vulnerabilidade poidan exercer os seus dereitos e deberes en condicións de liberdade e igualdade, rompendo a súa situación de illamento e desvantaxe.

O Goberno de España, a través do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, puxo en marcha, no ano 2020, o chamado **Ingreso Mínimo Vital**, co que se pretendía garantir á cidadanía máis vulnerable unha prestación económica (non contributiva) que lles axudase a cubrir as súas necesidades básicas.

Con todo, observouse que unha boa parte das persoas ás que vai dirixida esta axuda non a solicitou aínda. Trátase normalmente de persoas en situacións de pobreza severa e de "ruptura social". Na práctica, ese "NON take up" (NTU), imposibilita o logro das metas previstas co IMV.

EAPN-España está a poñer en marcha un proxecto cuxo obxectivo fundamental é revertir esta situación, a través da mobilización desas persoas, comprobando posteriormente os resultados obtidos a partir dun proceso randomizado. Paralelamente desenvolverase unha investigación acerca das causas e consecuencias do NTU para, posteriormente, elaborar un documento que incorpore unha serie de recomendacións sobre políticas para combater esta situación.

INFORMACIÓN XERAL DA POSICIÓN OFERTADA

- Posto ofertado: Coordinación territorial de proxecto
- Posto a quen reporta: Dirección EAPN Galicia e Coordinación xeral EAPN España
- Lugar de traballo: Santiago de Compostela

FUNCÍONS DO POSTO

A persoa contratada deberá coordinar ao equipo de persoas que desenvolvan o proxecto no territorio, garantindo o correcto desenvolvemento das distintas fases do mesmo, o cumprimento do cronograma e a calidade dos produtos finais, dando solución ás distintas incidencias que se poidan producir nas distintas actividades e asegurando os procesos de incidencia política no eido de acceso ao IMV e rendas de inclusión social como a RISGA.

Entre as funcións concretas a desenvolver (ademais das xa mencionadas), pódense citar as seguintes:

- Desenvolver a coordinación territorial do proxecto e do traballo do equipo ao seu cargo, para garantir o cumprimento dos obxectivos marcados dende a coordinación xeral.
- Manter a interlocución necesaria cos órganos de Goberno da rede territorial que foran precisos para informar do desenvolvemento das distintas actividades, e poñendo no seu coñecemento calquera incidencia que poida producirse.
- Responsabilizarse do establecemento dos contactos necesarios e do estrito cumprimento da Lei de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, Lei orgánica 7/2021.
- Supervisar o traballo de campo desenvolvido no territorio.
- Responsabilizarse do orzamento e seguimento do asignado á rede, establecendo unha estreita colaboración con asesores externos para a correcta xustificación do gasto en tempo e forma e auditoría da conta xustificativa.
- Elaboración do ficheiro de pagos para posterior validación e sinatura pola persoa representante legal.
- Elaborar os distintos informes ou outros documentos necesarios e/ou supervisar/corrixir/validar aqueles que sexan elaborados polo equipo para entregar dentro de prazo á coordinación xeral do proxecto.
- Coordinar o proceso de participación das entidades membro de EAPN Galicia na elaboración de propostas de mellora da Lei de Inclusión Social de Galicia e do sistema galego de garantía de ingresos, asegurando a coherencia co programa IMV-NTU e o seu impacto.

REQUISITOS NECESARIOS

- Coñecemento dos esquemas de ingresos mínimos a nivel galego e nacional (o coñecemento a nivel europeo é desexable).
- Titulación universitaria, preferentemente do eido de ciencias sociais (Socioloxía, traballo social, educación social, etcétera).
- Formación complementaria nas materias de acción de EAPN.
- Experiencia en xestión e implantación de proxectos territorializados en estruturas de rede.
- Experiencia demostrable de traballo en organizacións do Terceiro Sector de Acción Social (preferiblemente en materia de pobreza e exclusión social) de, alo menos, 3 anos.
- Manexo habitual do paquete Office, así como de outros programas ou ferramentas de control de proxectos, xestión e análise.
- Valorarase carné de conducir e vehículo propio, así como dispoñibilidade para viaxar dentro do territorio e á sede central de EAPN España.
- Coñecementos de galego e castelán falado e especialmente escrito. Valorarase o coñecemento doutros idiomas como o inglés.

COMPETENCIAS E CAPACIDADES REQUIRIDAS

- Orientación a resultados e ao traballo en equipo
- Xestión e intelixencia emocional
- Proactividade na resolución de problemas
- Capacidades de investigación e análise
- Flexibilidade
- Habilidades comunicativas e interpersoais
- Planificación / organización do equipo ao seu cargo
- Coñecementos da lexislación en materia de protección de datos
- Dominio de técnicas de redacción e da linguaxe
- Alta motivación e identificación cos valores, misión e visión de EAPN

CONDICIÓNS DO POSTO

- Tipo de contrato: Eventual duración un ano . Xornada completa
- Retribución: Convenio de Acción e Intervención Social. Grupo 1 + complemento en función da experiencia aportada.
- Posibilidade de flexibilidade horaria
- Incorporación: 02/11/2022

CONCORRENCIA

Envío ao enderezo electrónico info@eapn-galicia.com ata o **13 de outubro** de 2022 (incluído) co asunto **Selección coordinación IMV + NOME E APELIDOS**", achegando **CV actualizado e unha carta de motivación e experiencia que inclúa 2/3 propostas xustificadas** para a mellora do sistema de rendas mínimas en Galicia (IMV e/ou RISGA)